



No 2014 denunciámos publicamente que na Consellaría de Sanidade había auxiliares administrativos exercendo, e cobrando, coma xefes de servizo do grupo A1. Isto foi desmentido tanto pola Consellaría como por Función Pública.

Neste mes de agosto o Consello de Contas de Galiza publica o seu informe sobre a FEGAS, que é onde estas persoas teñen o su posto base, e non só ratifica a nosa denuncia se non que publica os datos económicos das cantidades que perciben desde o ano 2009. Cantidades que os sitúan nas retribucións máis altas do grupo A1.

Finalmente a **CIG-saúde** acorda e

Formula **DENUNCIA** polos delitos de **MALVERSACIÓN DE CAUDAIS PÚBLICOS**

e/ou

PREVARICACIÓN

contra

as autoridades e funcionarios da CONSELLARÍA DE SANIDADE

, con enderezo no edificio administrativo de San Lázaro, s/n - 15703 Santiago de Compostela, que, após a preceptiva investigación, aparezan como responsábeis dos feitos que se relatán na denuncia (podedes ver a denuncia no ficheiro adxunto).



Marta Seijo García Delegada sindical de CIG-saúde

[DENUNCIA CIG-saúde.pdf](#)